



Sesión ordinaria do 24 de marzo de 2004

<p>Asistentes</p> <p>D. Docampo Amoedo (Presidente)</p> <p>A. Mazaira Castro (Vicerreitor de P.D.C.O.)</p> <p>X.M. Cid Fernández</p> <p>J.A. Fraiz Brea</p> <p>J. F. Gálvez Gálvez</p> <p>J.C. Mejuto Fernández</p> <p>P. Rabanal Carbajo</p> <p>S. Reboreda Morillo</p> <p>J. Rodeiro Iglesias</p> <p>M. Suárez Pazos</p> <p>A. Cid Sabucedo</p> <p>A. García Masegosa</p> <p>V. Jato Rodríguez</p> <p>F. Rivas Conde</p>	<p>No Salón de Graos do edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes, citados á marxe, reúnese o Consello de Campus de Ourense en sesión ordinaria o día 24 de marzo de 2004, ás 13,00 horas, en primeira convocatoria, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Aprobación, se procede, da acta anterior2. Designación de Secretario do Consello de Campus3. Informe do Presidente4. Acordos sobre propostas conxuntas dos Decanos dos Centros do Campus Universitario de Ourense5. Informe das propostas de Cursos de Extensión Universitaria6. Informe das propostas das Actividades Culturais solicitadas dende os Centros7. Informe da proposta de tarifas do Pavillón Deportivo do Campus de Ourense8. Rogos e preguntas <p>Aprobación, se procede, da acta anterior Deuse lectura e apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2002</p> <p>Designación de Secretario do Consello de Campus Foi designada como Secretaria do Consello de Campus a profesora Mercedes Suárez Pazos</p> <p>Informe do Presidente O Presidente informa que espera que o Consello de Campus sexa un instrumento interesante para facer a política universitaria de Campus, na liña de resolver os problemas, cun espírito tanto crítico como constructivo. Sobre a biblioteca indica que xa se contan cos apoios necesarios para iniciar a obra, o mesmo que tamén está en funcionamento o pavillón polideportivo</p> <p>Acordos sobre propostas conxuntas dos Decanos dos Centros do Campus Universitario de Ourense O Vicerreitor de Planificación e Desenvolvemento do Campus de Ourense, e Vicepresidente do Consello de Campus, indica que a política que se vai seguir é que as actividades extraacadémicas servirán para a validación de créditos e serán ofertadas dende a óptica da transversalidade. O Consello de Campus da validez á proposta de actividades presentadas ante este organismo</p> <p>Informe das propostas de Cursos de Extensión Universitaria O Vicepresidente indica que se lle vai dar posibilidade a cada centro para que poda organizar cursos de extensión universitaria. Preséntanse as propostas realizadas po Empresariais, Dereito e Informática, en todos os casos aprobadas por órganos colexiados. Por outras vías presentáronse dez novos cursos. Asemade, para o cupo pendente de cubrir, acordase dar prioridade a realización de cursos estiváis en concellos da Provincia</p>
--	---



Informe das propostas das Actividades Culturais solicitadas dende os Centros

O Vicepresidente informa sobre as solicitudes presentadas polos centros e acordase, por asentimento, concederlle o financiamento que lle corresponden según os criterios aprobados no Consello de Goberno.

Informe da proposta de tarifas do Pavillón Deportivo do Campus de Ourense

Repártese a todos os membros do Consello de Campus un documento sobre "Proposta de normativa para o uso de instalacións deportivas da Universidade de Vigo no Campus de Ourense", analizándose entre os presentes algunhas cuestións relativas ás tarifas e normas de uso. Aprobase a proposta que se adxunta

Rogos e preguntas

- O profesor Alfonso Cid pregunta sobre que temas poden ser abordados dende o Consello de Campus, e menciona, así mesmo, a existencia de problemas no censo de 3º ciclo, que non coincide co censo da súa Facultade. O Presidente indica que calquera tema de política universitaria que poda ser de interese para o Campus pode ser abordado no Consello, a instancias de calquera dos seus membros. Tamén pon de manifesto que non son os mesmos os censos de alumnos matriculados que os censos electorais, polo que estes últimos deben ser sempre revisados para a súa actualización, tarefa que deben realizar especialmente os Departamentos no que atingue a 3º ciclo

- O profesor Rodeiro pregunta se se ten prevista a calefacción no Pavillón Deportivo, ao que se lle responde que se está a estudar o sistema máis apropiado. Así mesmo pregunta se as instalacións deportivas serán semellantes en todos os Campus, e especificamente si algún día o Campus de Ourense poderá dispor dunha piscina semellante a existente no campus de Vigo, ao que o Reitor responde que o que se pretende é unha continua millora para cubrir as necesidades de cada comunidade universitaria buscando continuamente convenios para instalacións deportivas específicas, unhas exclusivamente universitarias e outras desenvolvidas conxuntamente con outras institucións, garantizándose así que as ofertas nos Campus sexan de calidade semellante, indicando, ademais, que o equipo reitoral está a traballar para dotar o campus de Ourense dunha instalación deportiva como a que se pregunta en termos similares a existente noutros campus.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14,00 horas, levántase a sesión.

De todo isto dou fe como secretaria

Vº e Pr. O Presidente

A Secretaria

Asdo.

Domingo Docampo Amoedo

Asdo.

Mercedes Suárez Pazos



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONSELLO DE CAMPUS DE OURENSE